

# *José Caión Fontela*

# Consello de Forzas Políticas Galegas

## Bases constitucionais para a participacion da Nacion Galega nun Pacto Federal

### PRELIMINAR

Conforme ao principio de autodeterminación nacional a soberanía política en Galicia corresponde ao Povo Galego.

Un Goberno Galego asumirá a representación e o exercicio do poder político no territorio de Galicia en tanto non se establezan as institucións políticas definitivas no correspondente proceso constituinte.

O Goberno Galego só responderá da sua xestión ante o Povo Galego, titular da soberanía política e a sua actuación terá como principios irrenunciábeis os consignados nas seguintes Bases:

### DA PARTICIPACION NUN PACTO FEDERAL ESPAÑOL

Primeira. — A participación da Nación Galega nun Pacto federal español terá de axustarse ás condicións mínimas seguintes:

A) O Pacto federal terá de ser concluído sobre o principio da negociación en plano de igualdade dos representantes lexítimos dos Povos das diversas Nacións hoxe integradas no Estado español, segun veñan determinados polos respectivos procesos constituintes.

B) O Pacto federal non poderá reducir as facultades de autoorganización e autogoberno da Nación Galega.

C) Os órgaos federáis que se establezan tanto lexislativos como executivos e xudiciáis, integraranse sobre a base da representación por Nacións en igualdade numérica, independentemente da povoación e territorio de cada unha delas.

D) Non se poderá tratar de relativizar o peso político das Nacións nos órgaos federais mediante a concesión de igual representación nelas ás rexións integrantes de calquera das Nacións.

Tal cousa non impedirá que calquera das Nacións na sua organización interna poida outorgar autonomía ás rexións que as constituen.

E) A eventual integración da Federación en organismos supranacionais de carácter político ou económico deberá ser refrendada polos lexislativos de todas as Nacións federadas.

Segunda. — Os recursos económicos da Federación virán constituídos por:

A) Aportación de cada unha das Nacións federadas sobre o criterio da potencialidade económica respectiva e da solidariedade federal.

B) Os rendimentos daquelas actividades suscetíbeis de proveito económico que a Federación asuma en exercicio de competencias que lle sexan recoñecidas no Pacto federal.

C) Os recursos fiscáis espresamente previstos no Pacto.

Terceira. — Serán competencias federáis as referentes ao aseguramento da relación entre as distintas Nacións integrantes da Federación e á defensa e relación esteriores, en particular:

- A) Forzas armadas de carácter militar: exércitos de terra, mariña e ar.
- B) A representación esterior da Federación: servicios diplomáticos e consulares; conclusión de acordos internacionáis.
- C) Declaración de guerra e concertamento da paz.
- D) Política monetaria e arancelaria.
- E) Coordinación da política económica e fiscal das Nacións federadas.
- F) Rexime xurídico da Administración federal.
- G) Lexislación penal.
- H) Administración de Xusticia nas materias en que a lexislación sexa de competencia federal.

Cuarta. — As competencias federáis non poderán ser ampliadas por medio da interpretación xudicial de poderes implícitos nelas.

As competencias non atribuidas expresamente á Federación ficarán reservadas ás Nacións integrantes.

Quinta. — A competencia federal sobre as forzas armadas abranguerá ás forzas de carácter estriamente militar.

As forzas paramilitares de orde pública serán de competencia das Nacións federadas.

Toda alteración sustancial da dotación ou organización militares no territorio galego e a realización de manobras militares non de rutina no mesmo, deberán ser postas previamente en coñecimento do Goberno Galego.

En caso de guerra co exterior, declarada formalmente pola Federación, os órgaos federáis correspondentes poderán prescindir do disposto no anterior párrafo.

Sesta. — A Federación ten de conceder intervención aos órgaos nacionáis galegos correspondentes na negociación de acordos con outros Estados ou organismos internacionáis sobre pesca, en augas internacionáis ou territoriais de outros países, rexime de emigración e cantas cuestiós afecten fundamentalmente aos intereses da Nación Galega.

Sétima. — A competencia federal sobre política monetaria enténdese sen perxuicio das competencias nacionáis galegas de ordenación financeira especificadas na Base 14<sup>a</sup>.

Oitava. — Serán competencias nacionáis galegas:

- A) A autoorganización política e o autogoberno, segun determine a vontade constituinte do Povo Galego.
- B) O rexime xurídico da Administración galega.
- C) O rexime eleitoral.
- D) A determinación dos nacionáis galegos.
- E) O rexime xurídico das liberdades públicas.
- F) O aseguramento da orde pública; a declaración de estados de escepción.
- G) A política económica e a planificación da economía.
- H) A política fiscal.
- I) O Direito civil, mercantil e de traballo; a regulación da seguridade social.
- K) A Administración de Xusticia nas materias en que a lexislación sexa de competencia nacional galega.
- L) O Rexistro civil e o Notariado.
- LL) O rexime urbanístico e a ordenación do territorio.
- M) A política cultural e educativa.
- N) A política sanitaria.

Novena.— A determinación do carácter federal ou nacional de competencias non previstas nestas Bases, fica remitida á negociación do Pacto federal, mais unha vez concluso estarase ao determinado na Base 4º.

A asignación de calquer competencia aos nivéis federal ou nacional abranguerá necesariamente a lexislación e a execución sobre a materia determinada; nembargantes, a Federación previo acordo cos órgaos nacionais correspondentes poderá delegar neles a execución en materias de competencia daquelas.

Décima.— O idioma oficial da Nación Galega é o galego.

Nas relacións oficiais dos órgaos públicos galegos cos da Federación empregarase o idioma oficial da Federación.

Os órgaos federáis que actuen no territorio galego nas suas relacións cos administrados estarán obrigados a empregaren o idioma galego.

Undécima.— Para o aseguramento da orde pública no territorio de Galicia crearase unha Guarda nacional e un Servicio de Policía nacional.

Serán fins da Guarda nacional:

- A) Exercicio de funcións de policía gubernativa, xudicial e fiscal.
- B) Colaboración na defensa pasiva civil.  
Os órgaos nacionais galegos dictarán a normativa reguladora das Polícias locais.

Duodécima.— O rexime xurídico das liberdades públicas abranguerá a regulación dos direitos de reunión, manifestación, asociación política, sindical e relixiosa e a regulación dos medios de comunicación.

Este rexime non poderá ignorar ou lesionar os direitos recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos da ONU.

Décimoterceira.— A competencia nacional galega de política e planificación económica implicará en particular:

- A) A Facultade de elaboración e xestión do plan económico nacional.
- B) Facultade de ordenación ou nacionalización das fontes de riqueza esistentes no territorio galego.
- C) Facultade de ordenación da producción económica e da sua comercialización.
- D) Ordenación das institucións financeiras que operen en territorio galego con facultade de crear un sector bancario nacionalizado.

Décimocuarta.— A competencia da ordenación financeira suporá en particular a facultade de fixación de cuotas de liquidez e inversión e de fondos obligados de reservas e de inversión, de todas as entidades que operen en Galicia no terreno financeiro, áinda que sexan sucursáis de entidades non galegas.

Décimoquinta.— A Nación Galega terá facultades para emitir débeda pública e o Goberno poderá concertar operacións de tesourería.

Décimo-sesta.— A competencia nacional galega sobre o ensino abranguerá todos os graus e nivéis, calquera que sexa o carácter dos centros que o impartan.

O ensino impartirse en galego en todos os graus e nivéis, se ben atendida a esistencia de sectores de povoación castelán-falantes o Goberno Galego estará obrigado a establecer escolas primarias en número suficiente para recoller os nenos procedentes daqueles sectores nelas, nas que o ensino será impartido en castelán para a integración armónica dos mesmos na comunidade cultural galega.

Décimo-sétima.— Os activos e pasivos públicos afectados a servicios que pasen a ser competencia nacional galega integraranse no patrimonio público galego.

Unha Comisión paritaria dos Gobernos Federal e Nacional galego determinará as modalidades da transferencia.

**DO EXERCICIO DO PODER POLO GOBIERNO GALEGO NO PERIODO DE TRANSICIÓN  
AO REXIME FEDERAL**

Décimooitava.— Unha Comisión paritaria do Goberno Provisorio Galego e do Goberno do Estado español establecerá as modalidades concretas de coordinación das suas xestións respectivas, sobre o principio de aceitar como criterio orientador o previsto para o Pacto federal.

Esta Comisión determinará concretamente e en cada momento, entramentras rixa a situación de provisoredade, as alteracións que respecto do rexime federal veñan impostas temporalmente.

Décimonovena.— Na medida en que o Goberno Provisorio Galego asuma o exercicio efectivo das competencias nacionais galegas, os órgaos públicos do Estado español radicados no territorio de Galicia, pertenezan á administración territorial ou institucional do Estado ou á administración provincial, pasarán a depender do Goberno Galego.

Os funcionarios titulares ou afectados ao servizo de tais órgaos conservarán a sua categoría profesional, salvo espeditivo de responsabilidade política instruído coas debidas garantías.

Vixésima.— A transferencia patrimonial prevista na Base 17º virá imposta automáticamente para os servicios que asuma efectivamente o Goberno Provisorio Galego.

Vixésimoprimeira.— En tanto o Goberno Provisorio Galego non asuma efectivamente a sua competencia fiscal o Goberno do Estado español obrígase a lle facilitar os recursos económicos que se viñesen empregando nos servicios correspondentes, competencia do Goberno Galego.

A determinación do monto económico da transferencia de recursos axustarase aos criterios seguintes:

- A) Proporcionalidade da povoación galega en relación á do enteiro do Estado español, no derradeiro censo oficial aprobado.
- B) Promedio das previsións de gastos para cada rúbrica do Presupuesto do Estado español, afectada a servicios da clase dos asumidos polo Goberno Galego, nos dous derradeiros presupostos aprobados.
- C) Globalización das cantidades referidas na letra B, aplicándolle o coeficiente proporcional previsto na letra A.

Unha Comisión paritaria especial do Goberno do Estado español e do Goberno Provisorio Galego asegurará periodicamente a concreción da transferencia, acordo cos criterios expresados.

Vixésimosegunda.— En ningún caso o Goberno Provisorio Galego ficará vencellado polas asignacións previas feitas no presupuesto español, sendo da sua exclusiva competencia a distribución dos recursos no aseguramento das suas atribucións.

Vixésimoterceira.— Constituirase unha Comisión paritaria especial do Goberno Provisorio Galego e do Goberno do Estado español e eventualmente dos demáis Gobiernos Provisorios Nacionais ibéricos, a efectos da determinación das políticas fiscáis, monetaria, arancelaria e das medidas de coordinación económica, en tanto non se establezan os órgaos federais correspondentes.

Vixésimocuarta.— Nesta etapa provisoria serán cooficiáis no territorio da Nación Galega os idiomas galego e castelán.

O Goberno Provisorio Galego adoptará as medidas precisas para facilitar a implantación do rexime definitivo nesta materia, prevista na Base 10º.

Adicional.— Sen perxuicio de efectivizar todas as competencias que lle correspondan de conformidade a estas Bases, o Goberno Provisorio Galego ha reparar, no mesmo momento da sua proclamación, os espolios más patentes feitos en perxuicio das clases traballadoras galegas.